

## **ANUNCIO.**

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 19/11/2009, acordou iniciar os trámites para a contratación da “**CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE RECOLLIDA, RETIRADA, TRANSPORTE, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS DAS VÍAS PÚBLICAS**”, para tal efecto, aprobou o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, e ordenou anunciar a seguinte licitación:

### **1.- ENTIDADE ADXUDICADORA.- CONCELLO DE LALÍN.**

Dependencia que tramita o expediente e obtención de documentación e información: Secretaría Xeral do Concello de Lalín, en horario de 09:00 ás 14:00 horas.

Domicilio: Praza do Concello, núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra).

Teléfono 986-787060.

Fax 986-780638.

Correo electrónico: [omic@lalin.org](mailto:omic@lalin.org).

Dirección de internet do Perfil do Contratante: <http://www.lalin.org/perfilcontratante.asp>

Data límite para a obtención de documentación e información: ata o día anterior ao do remate do prazo de presentación de proposicións.

Número de expediente: CXS012009

### **2.- OBXECTO.-**

Tipo de contrato: Xestión de Servizos Públicos

Descrición: Xestión do Servizo Público de recollida, retirada, transporte, depósito e custodia de vehículos da vía pública. A actuación do adxudicatario abarcará todas as accións materiais necesarias a tal fin mediante a utilización dos seus propios medios persoais e materiais necesarios para a retirada de vehículos da vía pública.

Número de anualidades: catro, anos 2010, 2011, 2012 e 2013.

Prazo de execución: 4 anos.

Admisión de prórroga: non.

CPV: 50118110-9

### **3.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO.-**

Procedemento: aberto.

Tramitación: ordinaria

Criterios de adxudicación: para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, segundo se enumeran na seguinte táboa:

<b>Nº</b>	<b>CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN</b>	<b>PONDERACIÓN</b>
<i>Criterios que dependen dun xuízo de valor (Sobre B)</i>		<i>Ata un máximo de 29 puntos.</i>
1	Melloras debidamente valoradas	0 a 15 puntos
2	Características técnicas das grúas ofertadas, equipamento, complementos.	0 a 10 puntos
3	Memoria Técnica	0 a 4 puntos
<i>Criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas (Sobre C)</i>		<i>Ata un máximo de</i>

		<b>30 puntos</b>
4	<p><b>Prazo de inicio da xestión do servizo.</b> Ponderarase en función da mellor oferta á que se lle outorgará a máxima puntuación e ás restantes de acordo coa seguinte función:</p> $\text{Puntuación asignada} = 20 \times \frac{\text{Prazo máximo} - \text{Prazo ofertado}}{\text{Prazo máximo}}$	0 a 20 puntos
5	<p><b>Canon ofertado.</b> Ponderarase en función da mellor oferta á que se lle outorgará a máxima puntuación e ás restantes de acordo coa seguinte función:</p> $\text{Puntuación asignada} = 10 \times \frac{\text{Canon presentado}}{\text{Canon con maior importe}}$	0 a 10 puntos

#### **4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA.-**

Clasificación: Non se esixe.

Deberá xustificarse a solvencia financeira, técnica e profesional.

#### **5.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.-**

Data límite de presentación: ata as 14:00 horas do décimo quinto (15) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P. de Pontevedra.

Presentación da documentación: no Rexistro Xeral do Concello, sito na dirección indicada no apartado 1 anterior, en horario de 9:00 a 14:00 horas, en tres sobres pechados e na forma e requisitos establecidos no prego de cláusulas.

Admisión de variantes: non. Admítense melloras segundo o establecido no prego e no apartado terceiro anterior.

#### **6.- GARANTÍAS ESIXIDAS: \_**

Definitiva: 3.000,00 € de conformidade co establecido na Cláusula decimosétima do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

#### **7.- APERTURA DE OFERTAS.-**

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sita no enderezo citado no apartado 1 anterior, ás 12:00 horas do terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións terá lugar o acto público dos sobres B Documentación Técnica, correspondentes aos criterios que dependan dun xuízo de valor. No caso de coincidir dito día en sábado, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

A apertura da restante documentación realizarase na forma establecida no prego de cláusulas.

#### **8.- GASTOS DE PUBLICIDADE.-**

Por conta do adxudicatario, ata un máximo de 3.000 €.

Lalín, 23 de novembro de 2009.

O Concelleiro Delegado de Facenda

Manuel Gómez Estévez